

COMPOSICIÓN HISTÓRICA

Os seguintes documentos deben permitirche facer unha redacción sobre o establecemento da II República. Tendo en conta os documentos e o seu contexto, debes atender, cando menos, ás circunstancias que permitiron a implantación do réxime republicano, á orientación política das principais forzas do momento e ás características máis destacadas da Constitución de 1931.

Doc. 1. Manifiesto de Alfonso XIII á nación, publicado no xornal monárquico ABC o 14 de abril de 1931:

“As eleccións celebradas o domingo revélanme claramente que non teño hoxe o amor do meu pobo. A miña conciencia dime que ese desvío non será definitivo, porque procurei sempre servir a España, posto o único afán no interese público ata nas máis críticas coxunturas.

Un Rei pode equivocarse, e sen dúbida erreí eu algunha vez (...). Son o Rei de todos os españois, e tamén un español. Acharía medios sobrados para manter as miñas rexias prerrogativas, en eficaz loita con quen as combate. Pero, resoltamente, quero apartarme de canto sexa lanzar a un compatriota contra outro en fratricida guerra civil. Non renuncio a ningún dos meus dereitos, porque máis que meus son depósito acumulado pola Historia, de cuxa custodia ha de pedirme algún día conta rigorosa”.

Doc. 2. Principais resultados das eleccións do 28 de xuño de 1931:

<i>Partidos</i>	<i>Líderes</i>	<i>Nº escanos</i>
Partido Socialista Obrero Español	Julián Besteiro	115
Partido Republicano Radical	Alejandro Lerroux	90
Partido Radical Socialista	Marcelino Domingo	61
Esquerra Republicana de Cataluña	Francesc Maciá	29
Acción Republicana	Manuel Azaña	26
Derecha Liberal Republicana	Niceto Alcalá-Zamora	25

Doc. 3. Título Preliminar da constitución española aprobada o 9 de decembro de 1931:

“Artículo 1º. España é unha República democrática de traballadores de toda clase, que se organiza en réxime de Liberdade e de Xustiza.

Os poderes de todos os seus órganos emanan do pobo. A República constitúe un Estado integral, compatible coa autonomía dos Municipios e as Rexións.

Artículo 2º. Todos os españois son iguais ante a lei.

Artículo 3º. O Estado español non ten relixión oficial”.